

## TERESA HERRERA DE TRAIÑEIRAS 2023

XXXVII TROFEO · 15ª BANDEIRA MASCULINA DE TRAIÑEIRAS

VII TROFEO · 4ª BANDEIRA FEMININA DE TRAIÑEIRAS

**Data:** 19 e 20 de agosto de 2023

**Lugar:** Enseada da Praia do Orzán (A Coruña)

### ORGANIZAN:

- Excmo. Concello de A Coruña
- Federación Galega de Remo
- Asociación Liga Noroeste

### PATROCINA:

Excmo. Concello de A Coruña



## NORMATIVA

### 1. REGATA CLASIFICATORIA: Sábado, 19 de agosto, ás 17:30 horas.

Se farán **catro quendas contra reloxo**, cuxa composición confeccionarase tendo en conta as inscricións dos clubs e a clasificación da Liga Galega de Traiñeiras e o criterio da Dirección Técnica da Federación Galega de Remo.

O **percorrido** detallarase na reunión de delegados.

**Clasificaranse** para a Regata Final do domingo, os 10 mellores tempos de ámbalas dúas quendas masculinas e os 5 mellores tempos das femininas.

### 2. REGULAMENTOS DE APLICACIÓN:

- Regulamento da Liga Gallega de Traiñeiras
- Regulamento de banco fixo da Federación Española de Remo.

### 3. CONTROL TÉCNICO: esta regata estará baixo control exclusivo da Federación Galega de Remo e o seu Comité de xuíces-árbitros.

### 4. PROGRAMA:

#### SÁBADO, día 19 de agosto:

HORA	EVENTO
16:00	Reunión de delegados na sala do Palacio dos Deportes de Riazor
16:00	Recoñecemento e verificación do campo de regatas
Entre 1 e 2 horas antes do inicio da quenda	Pesaxe de patróns
17:30	Quenda clasificatoria contra o reloxo feminina
18:00	Quenda clasificatoria contra o reloxo masculina (Liga B)
18:30	Primeira quenda clasificatoria contra o reloxo masculina (liga A)
19:00	Segunda quenda clasificatoria contra o reloxo masculina (liga A)

**DOMINGO, día 20 de agosto:**

HORA	EVENTO
Entre 1 e 2 horas antes do inicio da quenda	Pesaxe de patróns
<b>9:30</b>	Revisión do campo de regatas
<b>10:00</b>	Reunión de delegados. Sorteio de balizas
<b>11:20</b>	Ofrenda ós homos e mulleres do mar
<b>11:30</b>	Quenda final feminina
<b>12:00</b>	Primeira quenda final masculina
<b>12:30</b>	Segunda quenda final masculina
<b>13:00</b>	Ceremonia de entrega de trofeos (Finca Os Mariño)*

\* Os equipos masculinos que optiveran as os 3 primeiros postos, deixarán as traíñeiras na praia no Matadero para asistir á Ceremonia de entrega de trofeos.

**5. CLUBS PARTICIPANTES:** Poderán participar tódolos Clubs pertencentes á Federación Galega de Remo e Liga Galega de Trianeiras.

Asimesmo, a organización resérvase o dereito de invitar a calquera outra tripulación que considere oportuno.

**6. INSCRICIÓN:** Os clubs que desexen participar nesta regata, deberán remitir as follas de inscrición antes das 12:00 horas do próximo día 17 de agosto (XOVES) á FEDERACIÓN GALEGA DE REMO, remitindo ó correo electrónico [secretaria.fegar@gmail.com](mailto:secretaria.fegar@gmail.com) para o seu coñecemento e confirmación da súa asistencia.

**7. CLASIFICACIÓN XERAL:** A Regata do domingo (final), será a clásica de 3 millas con 4 largos e 3 ciabogas sobre babor, tendo que estar as tripulacións da primeira quenda 5 minutos antes da hora de inicio, e a segunda quenda deberá estar preparada tras as balizas antes de que entre a última embarcación da quenda precedente.

**8. REGATAS CLASIFICATORIAS:** Disputaranse o sábado a partir das 17:30 horas e segundo a súa clasificación se formarán as quendas para a Regata Final do domingo.

**9. REGATAS FINALES:**

- **REGATA FINAL FEMININA:** formada polos cinco mellores tempos da

clasificatoria.

- **PRIMEIRA QUENDA MASCULINA:** Formada polos tempos do 6º ó 10º.
- **SEGUNDA QUENDA MASCULINA:** Formada polos cinco mellores tempos das quendas clasificatorias.

Nesta edición do XXXVII Teresa Herrera de traiñeiras disputárase a **bandeira** entre as 10 tripulacións que consigan clasificarse para a regata final do domingo.

Unha vez realizada a composición das quendas en función dos tempos da Regata Clasificatoria contra o reloxo, procederáse ó sorteo das balizas de cada unha das quendas na Reunión de Delegados.

**No caso de non poder celebrar a regata final**, por calquera causa climatolóxica ou de forza maior, terase como clasificación xeral, os resultados da regata clasificatoria contra o reloxo.

#### 10. MAREAS:

**Sábado**, 19 de agosto:

**Pleamar:** 18,56 con 3,62m

**Baixarmar:** 01,08 con 0,70m.

**Domingo**, 20 de agosto:

**Pleamar:** 07,15 con 3,41m.

**Baixamar:** 13,14 con 0,79m.

#### 11. CONDICIÓN TÉCNICAS:

Tódolos remeiros participantes, así como patróns, delegados e adestradores, deberán estar en posesión da licenza deportiva federativa, dentro do deporte do remo, correspondente á tempada 2023 na que se celebra a proba, xa que nesta vai incluída a súa afiliación ó Seguro Obrigatorio Deportivo.

#### 12. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL:

Cada Club participante deberá contar co seu propio Seguro de Responsabilidade Civil, de acordo có establecido no Real Decreto 607/99, e como ampliación ó disposto no Real Decreto 62/2008 de 25 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento das condicións de seguridade marítima, da navegación e da vida humana na mar aplicables ás concentracións náuticas de carácter conmemorativo e probas náutico-deportivas.

#### 13. PREMIOS:

### XXXVII TROFEO - 15ª BANDEIRA MASCULINA DE TRAIÑEIRAS

#### TERESA HERRERA 2023

- **Bandeira** de Honra e **Trofeo** Conmemorativo para a embarcación vencedora.

- **Medallas** de ouro, prata e bronce para os 3 primeiros.
- **Premios en metálico** que para este ano 2023 son os seguintes:

POSTO	PREMIO
1º	2.500€
2º	2.000€
3º	1.700€
4º	1.500€
5º	1.200€
6º	1.000€
7º	900€
8º	800€
9º	700€
10º	600€
11º e seguintes	450€

### VII TROFEO – 4ª BANDEIRA FEMININA DE TRAIÑEIRAS TERESA HERRERA 2023

- **Bandeira** de Honra e **Trofeo** Conmemorativo para a embarcación vencedora.
- **Medallas** de ouro, prata e bronce para os 3 primeiros.
- **Premios en metálico** que para este ano 2023 son os seguintes:

POSTO	PREMIO
1º	2.500€
2º	2.000€
3º	1.700€
4º	1.500€
5º	1.200€
6º e seguintes	450€

# INFORMACIÓN ADICIONAL

## APARCAMENTO

A continuación remitimos información sobre o aparcamento dispoñible durante a celebración do Trofeo Teresa Herrera de Traiñeiras:

## FURGONETAS E REMOLQUES

A zona destinada para aparcar os remolques e as furgonetas que tiran deles será, tanto o sábado como o domingo, a zona sinalada no **plano adxunto**. Se aparcará por **orde de chegada**.

## AUTOBUSES E OUTRAS FURGONETAS

A zona destinada para aparcar os autobuses e as furgonetas será **a explanada de Riazor** como tódolos anos, sinalada no plano axunto. Haberá que deixar o espazo reservado sinalado no plano.

**IMPORTANTE:** o sábado 19, coincidindo coa regata clasificatoria, deberemos compartir a praia de Riazor cun **campionato de Voleibol praia**. Pregamos a todos os clubs que teñan coidado cos dous campos á hora de facer o embarque e desembarque. Así mesmo debemos deixar un pequeno espazo no parking como aparcamento para súa competición.



## SUXERENCIAS AMBIENTAIS

Co fin de **reducir ao mínimo a pegada ambiental da competición**, solicítase que se apliquen as seguintes indicacións:

- Evitar por todos os medios calquera tipo de vertedura ao medio acuático, tanto sólido como líquido.
- Evitar deixar desatendido calquera residuo preto do medio acuático que o vento poida arrastrar ao mesmo.
- Prestar especial atención aos materiais de embalaxe na zona de remolques e recollelos tan pronto como sexa posible.
- Evitar deixar ningún tipo de residuo nas praias.
- En liñas xerais, recoméndase que os clubs inculquen aos deportistas a idoneidade de usar envases reutilizables, en lugar de botellas de plástico non retornables.

Ó longo da semana informaremos por correo electrónico sobre calquera novidade que se produza.

# PLANOS



# CLASIFICATORIA



# FINAL

